



PROXECTO EUROPEO YOUTHNEST.CREA E ACTIVIDADE ARTESANAL EN VEDRA

■ O Concello de Vedra está actualmente desenvolvendo xunto con outras cinco entidades socias o proxecto europeo YouthNest.crea: Incubadora transnacional de emprendemento creativo no rural europeo, integrado no Programa Erasmus +. Este proxecto, dirixido á xuventude, ten como un dos seus obxectivos principais fomentar o emprendemento no rural, potenciando as zonas rurais como escenario posible para a posta en marcha de ideas emprendedoras e creativas.



YouthNest.crea

INCUBADORA TRANSNACIONAL DE EMPRENDEMENTO
CREATIVO NO RURAL EUROPEO

Un dos ámbitos profesionais que se pretenden potenciar é o da artesanía creativa no rural. Con este fin queremos coñecer a todas aquelas persoas que se dediquen en Vedra á realización de traballos artesanais, tanto de xeito profesional como afeccionado, para poder analizar con elas a situación deste sector e coñecer tamén o seu traballo para poder potencialo dende o concello.

Por este motivo, se te dedicas a algunha actividade artesanal no termo municipal (non necesariamente de xeito profesional) pedímosche que te poñas en contacto co concello no teléfono 981814612 ou no enderezo electrónico: vanessa.crespo@concellodevedra.com para deste xeito informarte máis detalladamente do proxecto.

AXENDA ASOCIATIVA PARA MAIO

- Programa de actividades da **Asociación Cultural San Campio**:
 - Excursión á romaría Raigame o xoves 17 de maio.
 - IV Concurso Serán das Letras.
 - VI Serán das Letras o 19 de Maio.
- XII Día da Bicicleta coa **Asociación Cultural e Xuvenil "A dorna"**, o 27 de Maio en Trobe.

MAIO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

AXENDA PARA O MES DE MAIO

- Proxecto europeo **Youthnest.crea** e **Actividade Artesanal** en Vedra, ábrese o prazo de inscrición.
- Solicitud de praza na **Escola Infantil Municipal de Vedra** do 16 a 31 de maio.
- Campaña: **"Separar con xeito"** na XXXI Festa da Orella o 6 de maio.
- Campaña: **"O que se enchufa, recíclase"**, en Vedra o 24 de Maio.
- **Aulas de Educación Canina**, ábrese o prazo de inscrición o 14 de maio.
- **Charlas sobre a Nova Lei de Protección e Benestar dos animais de compañía en Galicia**, o martes 24 de Maio e o mércores 25 de Maio na Biblioteca de Vedra.
- **Letras Galegas no Concello de Vedra**:
 - **"Ler Conta Moito"** o 14 de Maio ás 11:00 h. na Biblioteca de Vedra.
 - Presentación do Libro: **O Pico Sacro**, o 16 de Maio as 20:30 h. no Centro Sociocultural de Vedra.
 - **Música nas Letras Galegas** o sábado 19 de maio ás 20:00 h. no Centro Sociocultural de Vedra
- **Programación da Terceira Idade**:
 - **Bingo** o xoves 10 de maio.
 - **XXVIII Romaría da Terceira Idade** o sábado 12 de maio.
 - **Circuíto Termal de Outaríz** e visita o mércores 16 de maio.
 - **Excursión a Óbidos, Buddha Eden, Fátima...** os días 25, 26 e 27 de maio.
 - **Excursión ao Pazo de Faramello e Comarca do Barbanza** o mércores 6 de xuño.



XXXVIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA



Blas Piñón, bebendo pola Bota de Viño.



Actuación do grupo de Baile "Cantigas e Agarimos".



Momento da actuación do grupo musical "De Vacas".



As persoas asistentes á feira do viño.



Mesa formada polos participantes na I Cata - Concurso dos Viños das Rías Baixas- Albariño da Subzona da Ribeira do Ulla.



Nomeamento dos membros "Da Orde dos amigos/as da Bota Do Viño da Ulla".



Caseta da campaña "Separar con xeito" que ten como obxectivo principal fomentar prácticas responsables en torno á reciclaxe.



Escola de Saúde, charla sobre "O proceso do envellecemento normal e terapias para persoas con deterioro cognitivo en Vedra" no Centro Social de Vedra.



Charla Informativa sobre o cultivo da oliva para a produción de aceite e o cultivo da camelia para a produción de té e aceite, celebrada na Biblioteca Municipal de Vedra.



Escola de Saúde: Alimentación e vida saudable, impartido pola doutora Maria Teresa Jardón Álvarez no Centro Sociocultural de Vedra.

Consumo

NOVA ANTENA DE 4G E PROBLEMAS COA TDT

■ Dende o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo comunicánnos que se colocou unha nova antena de telefonía para ampliar a cobertura de 4G e que terá especial incidencia nas parroquias de San Xián de Sales e San Fins de Sales; polo que lle recordamos a toda a veciñanza que no caso de detectar problemas coa recepción da TDT deberán comunicarse co CAU no teléfono 900 833 999 para que realicen as comprobacións oportunas e, de ser o caso, envíen o servizo técnico ao seu domicilio. Todo traballo que se realice por parte deste servizo para recuperar a sinal de TDT

será totalmente de balde.

É importante sinalar que este servizo técnico só será para o caso no que os fallos de TDT sexan debidos ás obras para ampliación do 4G e non para avarías en xeral.

Máis información na páxina web www.llega800.es. Para calquera aclaración poden contactar con este concello no 981 814 612 ou no teléfono de Llega800: 900 833 999.



PROGRAMACIÓN CULTURAL ARREDOR DAS LETRAS GALEGAS

■ Con motivo da celebración do día das Letras Galegas, en homenaxe este ano a Dona María Victoria Moreno, celebrarase as seguintes actividades:

PROGRAMA “LER CONTA MOITO” DA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

Mulieres que contan
 María Victoria Moreno e outras
Luns 14 de maio
 Biblioteca de Vedra
 ás 11:00 h

micro relatos de mulieres
 unha posta en escena
 un gran xogo quen e quen?


organiza Concello de Vedra
 colabora Anacos socioeducativos
 ler conta moito
 Rede de Bibliotecas de Galicia XUNTA DE GALICIA

MÚSICA NAS LETRAS GALEGAS

■ O sábado 19 de maio ás 20:00 h. no Centro Sociocultural de Vedra coa actuación das Pandereteiras da Costaneira de Bugallido e Grupo Folk Ascuas.

PRESENTACIÓN LIBRO: “PICO SACRO”

■ O próximo día 16 de maio ás 20:30 horas no Centro Sociocultural de Vedra, terá lugar a presentación do Libro: Pico Sacro.



Este libro, reúne a obra de noventa autores e autoras arredor desta cima única. Unha edición ao coidado de Miro Villar e Xosé Manuel Lobato, responsables dun traballo pioneiro que recompilaron textos clásicos, históricos —algúns ben coñecidos, outros moi pouco divulgados ata hoxe— e puxéronos a dialogar con novas composicións, inéditas, de autores e autoras actuais.

Medio Ambiente



PREVENCIÓN DE LUMES: DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS DE ESPECIES FORESTAIS RESPECTO A VÍAS

■ Lembramos que segundo o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e as súas modificacións, as distancias que as plantacións deben gardar en relación ás vías públicas son as seguintes:

DISTANCIAS:


Dende o límite do dominio público das vías (autoestradas e estradas convencionais) ou vías do ferrocarril:

- Con frondosas (carballo, castiñeiro, etcétera): **4 metros.**
- Con piñeiro, eucalipto, acacia, mimosa: **10 metros.**

Con pistas forestais principais

- Con frondosas (carballo, castiñeiro, etcétera): **2 metros.**

- Con piñeiro, eucalipto, acacia, mimosa: **6 metros** (por ser Vedra zona de alto risco de incendio).





CAMPAÑA SOBRE A NOVA LEI DE PROTECCIÓN E BENESTAR DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA

■ Coa entrada en vigor da nova Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, tanto os concellos como a veciñanza debemos asumir responsabilidades no coidado e protección dos nosos animais. Por este motivo, organizamos en colaboración co club de cans de familia "Só lles falta falar" esta campaña de sensibilización e información sobre a nova lexislación, así como catro aulas de educación canina impartidas por unha experta na materia para persoas propietarias de cans.



Martes 24 de maio ás 20:30 h.
na Biblioteca Municipal de Vedra.

Charla sobre a nova lei de protección e benestar animal dirixida ao colectivo de cazadores. Coa presenza dunha avogada, dun membro do SEPRONA e dunha experta en conduta animal.

CONTINUÁ A LOITA CONTRA A AVESPA VELUTINA

■ "COLABORA POÑENDO TRAMPAS"

Grazas á colaboración veciñal, centos de vespas velutinas están a caer nas trampas colocadas en todas as parroquias do concello.

"COLABORA ATOPANDO OS NIÑOS DE AVESPA"



Chama ao 012 ou 981 814 612

Mércores 25 de maio ás 20:30 h.
na Biblioteca Municipal.

Charla informativa sobre a nova lei de protección e benestar animal. Impartida por María Sabell, experta en conduta animal.

Os xoves 31 de maio, 7, 14 e 21 de xuño entre as 19:30 h. e as 21:30 h. no campo da festa de Illobre.

Aulas de educación canina (Orde de quieto, camiñar ao paso, sentarse, soste a quietude,...). Actividade gratuíta.

O prazo de inscrición comezará o día 14 de maio a partir das 9:00 h. no teléfono 981 814 612. As prazas adjudicaránse por orde de inscrición ata o máximo de 10 cans. Aquelas persoas que queiran asistir sen can como oíntes ou queiran acompañar ás persoas propietarias que acudan co animal deberán inscribirse igualmente.

En colaboración con:



CHEGA A VEDRA A CAMPAÑA "SEPARAR CON XEITO"

■ Con motivo da XXXI Festa da Orella que se celebrará o 6 de Maio na parroquia de San Fins de Sales, o Concello de Vedra, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ecoembes, trae a Campaña "Separar con Xeito".



O obxectivo desta campaña, é fomentar prácticas responsables en torno á reciclaxe que se depositan no colector amarelo, latas, plásticos e briks e no colector azul, cartón e papel.

Haberá unha carpa informativa na Festa da Orella, o 6 de maio, no campo da festa de San Fins de Sales. Máis información :www.separarconxeito.gal

CAMPAÑA RAEE-XUNTA DE GALICIA

■ O vindeiro 24 de Maio de 2018, terá lugar no **Concello de Vedra**, unha campaña promovida pola Xunta de Galicia, que leva por nome: **"O QUE SE ENCHUFA, RECÍCLASE"**.

Trátase dunha campaña de información e sensibilización sobre a importancia de reciclar os residuos de aparellos eléctricos e electrodomésticos. Habilitarase unha pequena caseta na vía pública como punto de información da campaña.



Deporte

TORNEO INTERMUNICIPAL DE FÚTBOL SALA

■ O Torneo Intermunicipal de Fútbol Sala premia ós campións das ligas locais dos concellos participantes. Nesta edición participan os concellos de ARZÚA, FRADES, NEGREIRA, ORDES, OUTES, SANTA COMBA, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO, TORDOIA, TOURO e VEDRA.

Nesta ocasión o concello organizador é Negreira e a data de celebración será o 19 de maio. O equipo representante do Concello de Vedra é o **Brañas do Café – Bar O´26**, que contamos que logre uns bos e respectados resultados no torneo.

SENDEIRISMO

- Continuamos coa... **"Ruta do Padre Sarmiento"**
- **Data:** 19 de Maio.
 - **Percorrido:** Sanxenxo-Portonovo.

Horarios e Puntos habituais de recollida do autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 h.
- Parada en Lestedo ás 7:40 h.
- Parada no Breixo ás 7:45 h.
- Parada en Hipercor ás 7:55 h.
- Parada na Estación de Autobuses ás 8:00 h.

Información e reservas no 981 814 691

Formación e Emprego

SELLO TALENTO

■ O Instituto de la Juventud de España (INJUVE), atendendo ao compromiso co fomento e o desenvolvemento do talento da mocidade, pon en marcha tres liñas básicas de actuación: desenvolvemento de programas propios para apoiar o talento xuvenil, a colaboración con outras administracións, empresas, institucións e entidades xuvenís e, por último, a creación dun selo identificativo, o **Sello Talento Joven INJUVE**. Este selo pretende recoñecer e destacar aqueles programas de empresas, entidades xuvenís, administracións públicas, organizacións e institucións que ofrezan á mocidade posibilidades de desenvolver o seu talento en distintos ámbitos, como o da formación, o

emprendemento, a investigación, o desenvolvemento sostible, a creación artística, o deporte, a inclusión social ou a cooperación internacional. A presentación de candidaturas para a obtención deste selo pódese facer a través da web: <http://www.injuve.es> xuntando:

- Memoria descriptiva .
- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Para máis información pódese contactar con: Instituto de la Juventud (INJUVE). Teléfonos: 91 782 75 20 e 91 782 74 96, email: talentojoven@injuve.es

AXUDAS E BOLSAS DO CSIC

■ O Consello Superior de Investigacións Científicas, CSIC, convoca 200 bolsas para estancias de trescentas horas a gozar dentro do curso académico 2018-2019, a realizar en meses consecutivos nun período máximo de catro meses en Institutos e Centros do CSIC, propiciando unha aproximación ao coñecemento dos problemas científico-técnicos de actualidade e aos métodos utilizados para a súa resolución, dentro do Programa «Junta Ampliación de Estudios»

Beneficiarios.

Españois, nacionais dun Estado membro da UE e estranxeiros, que teñan completados polo menos o 50 % dos créditos (ECTS) correspondentes ao grao, que finalizasen os estudos de licenciatura ou de grao con anterioridade ao curso académico 2016-2017, que

acrediten unha nota media, nunha escala decimal de 0-10 e con 2 decimais, igual ou superior a 8.00 para todas as ramas de coñecemento, excepto para Enxeñería e Arquitectura que será igual ou superior a 7.00, que non estean en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Doutor, que non fosen beneficiarios dunha bolsa de introdución á Investigación dentro do programa JAE en convocatorias anteriores.

A dotación das bolsas será de 2.500 € en tres pagos. Prazo de presentación de solicitudes: do **3 de maio ao 1 de xuño de 2018**.

Máis información no BOE do 2 de abril de 2018 e en <https://sede.csic.gob.es/intro2018>

Educación

VEDRA MEDRA

Ata o corenta de maio non te quite-lo saio; e se volve a chover, vólveo a poñer

■ **Vedra medra co feito do Camiño...** continúa a súa andaina. Abril levounos nun día ben chuvioso ata a parroquia de San Pedro de Vilanova onde tivemos ocasión de ver por dentro a capela do Santiaguíño e recordar aquilo escrito na fonte:

“ANO DE 1670. FVENTE DE SANT[IAG]O QUE HICIERON SVS DISCIPVLOS S. THEODORO I S. ATHANACIO. A ESTE MONTE LOS INBIO LA REINA LOBA A BVSCAR LOS BVEIES PARA LLEBAR SV SANTO CVERPO DE PADRÓN A DONDE OI ESTA. I LLEGADOS FATIGADOS A ESE LVGAR LES ACOMETIO VN FIERO DRAGON. HACIENDO LA SEÑAL DE LA + REBENTO I LOS TOROS BINIERON TRAS ELLOS COMO MANSOS CORDEROS. POR LO QVAL SE CONBIRTIO ELLA CON TODA SV FAMILIA. I PARA MEMORIA DESTO I ALIBIO DE SVS PEREGRINOS I PASAJEROS HICO AQVÍ ESTA FVENTE EL D. D. PEDRO DE VALDÉS, FEIJO I NOBOA CNO LECTORAL PROVINCIANO GNL DE SANTIAGO”.

Percorremos logo un treito curto da Vía da Prata e achegámonos ata o albergue de peregrinos. Continuamos a marcha ata outro Santiaguíño, o do Monte, situado no monte de San Gregorio en Padrón. Alí reparamos nunha capela, dita tamén do Santiaguíño, e no altorrelevo que representa o bautismo da raíña Lupa polo Apóstolo Santiago.



Aquí tamén se encontra o conxunto rochoso onde se di que estivo predicando o Apóstolo. A continuación visitamos, xa na vila de Padrón, a igrexa de Santiago onde a tradición localiza o pedrón no que os discípulos amarraran a barca da pedra na que trasladaran o corpo do Apóstolo desde Palestina ata esta beira do río Sar. A intensa choiva acompañounos ata o final do percorrido deste día, Santiago de Compostela.

No Museo das Peregrinacións fixemos outra viaxe, a do coñecemento, polo significado da peregrinación, as distintas maneiras de representación de Santiago o Maior, pasando pola historia, a tradición e a lenda sobre o tema xacobeo, o nacemento e a evolución de Compostela arredor da basílica, os Camiños de San-

Educación

tiago, os peregrinos, a indumentaria, os gremios da cidade (acibecheiros e prateiros) etcétera.

En abril e maio seguiremos coñecendo Camiños... Se desexan acompañarnos Vedra medra aínda ten sitio para todas e todos os que crean que se pode educar co noso patrimonio de fondo.

No Facebook Vedra medra seguimos mostrando o noso traballo.



Turismo

GOZA DO ULLA 2018

■ Este ano volta o programa **GOZA DO ULLA**, do cal forman parte unha totalidade de 20 concellos e presentárase en Vilagarcía de Arousa o xoves 10 de maio. Vedra, formará parte do Goza do Ulla 2018

marcando a súa data para a ruta de sendeirismo "Vía da Prata e San Xoán da Cova" para o domingo 5 de agosto. Ruta que consta duns 14,6 km. e dun nivel de dificultade medio – baixo.

Xuventude

CONCURSO INTERNACIONAL DE ENSAIOS PARA A MOCIDADE 2018

■ A UNESCO e a Fundación "Goi Peace" convidan a mozas e mozos de todo o mundo, ata os 25 anos, a enviar as súas ideas e expresar as súas visións sobre o tema "O cambio que quero facer" nunha das seguintes categorías de idade:

- a) Nenos/as (ata 14 anos).
- b) Mozos/as (de 15 a 25 anos).

Os mestres e directores poden enviar unha colección de ensaios da súa clase ou grupo. Os ensaios deben ser de 700 palabras ou menos, orixinais e inéditos e escritos por computador ou impresos en inglés, fran-

cés, español ou alemán ou 1.600 caracteres ou menos en xaponés.

Os gañadores do primeiro e segundo premio recibirán un premio en efectivo e un certificado. Convidarase ao *gañador do primeiro premio á cerimonia de entrega de premios en Tokio (Xapón)* programada para o 23 de novembro de 2018.

- **Data límite:** 15 de xuño de 2018.
- **Máis información:**
www.goipeace.or.jp/en/work/essay-contest/

DÍA EUROPEO DA INFORMACIÓN XUVENIL

■ O pasado 17 de Abril, con motivo do día Europeo da Información Xuvenil, celebrouse unha xornada sobre: "**Información na prevención de condutas aditivas**" no MUPEGA de Santiago de Compostela. A xornada, á que asistiu persoal da OMIX de Vedra, tivo como obxectivo, concienciar ás persoas que traballan coa mocidade, sobre a importancia da información para a prevención do consumo de alcohol e drogas na xuventude, por parte de diferentes profesionais así como da man dos mozos/as correspondentes xuvenís do IES Rosalía de Castro, que achegaron a súa visión sobre a temática.



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, indicou que a información e a prevención son indispensables para concienciar aos mozos e mozas do problema do consumo de substancias aditivas.

VOLUNTARIADO XUVENIL

■ Achégase o verán... tes moito tempo libre, e non sabes que facer co mesmo? Queres aproveitalo aprendendo e adquirindo experiencia de cara a un futuro laboral? Anímate a participar como voluntario xuvenil! e reserva a túa praza (prazas limitadas).

Se tes entre **16 e 30 anos**, podes participar nas diferentes áreas nas que se desenvolverán as **accións voluntarias**: atención a peregrinos, dinamización so-

ciocultural, accións ambientais, campos de traballo ... Ademais, as persoas voluntarias, contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C, e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

Se estás interesado/a e queres recibir máis información ou inscribirte, podes contactar a través do teléfono 981 814 695 ou do email: xuventude@concellodevedra.com

Servizos Sociais

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ De interese...

Para unha mellor difusión dos programas de actividades trimestrais da terceira idade, informamos que todas as persoas interesadas poden tamén obtelo nos seguintes lugares:

- **No concello** de luns a venres de 10:00 a 14:00 h.
- **No Centro social da terceira idade** de martes a domingos de 18:00 a 22:00 h.

■ Actividades:

■ Bingo

Xoves 10 de maio ás 20:00 h.

■ XXVIII Romaría da Terceira Idade Sábado 12 de maio a partir das 12:30 h. en Vedra.

Programa: Misa, actuación da coral de Vedra, xantar... Para asistir á romaría é preciso retirar un ticket que ten un custe de 10 €/participante. Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro da Terceira Idade, de martes a domingo, de 19:00 a 22:00 h. O prazo estará aberto desde o 14 de abril ata o 10 de maio.

■ Circuito Termal de Outaríz e visita

Mércores 16 de maio.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte,



Visita ao Pazo Liñares.

comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e visita ao Monumento Histórico Artístico da Igrexa de Santa Mariña de Augas Santas (Allariz). O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o sábado 5 de maio no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse por orde de inscrición.

■ Música nas Letras Galegas

Sábado 19 de maio ás 20:00 h.

Actuación: Pandereteiras da Costaneira de Bugallido e Grupo Folk Ascuas.

■ Excursión a Óbidos, Buddha Edén, Fátima...

Os días 25, 26 e 27 de maio

Prezo: 155 € (Inclúe: transporte, pensión completa, servizo de guía e seguro de viaxe) - prazas

limitadas - aberta a todos os interesados/as. Suplemento da habitación individual fixado en 20 € por persoa e noite. O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o sábado 14 de abril. As prazas e número de asento adxudicaránse por orde de inscrición.

■ Excursión ó Pazo de Faramello e Comarca do Barbanza Mércores 6 de xuño.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e visitas; prazas limitadas).

Programa: visita ao Pazo de Faramello, Torres do Oeste, Centro arqueolóxico do Barbanza, e lugares de interese da zona... O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o sábado 19 de maio. As inscricións realizaránse única e exclusivamente no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse por orde de inscrición.



IMERSO. PROGRAMA DE TERMALISMO PARA O 2018

■ Recorda que aínda estás a tempo de participar neste programa da Terceira Idade.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Para as quendas de maio a xuño, remata o 16 de maio.
- Para as quendas de xullo a outubro remata o 31 de maio

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais Comunitarios os luns, xoves e venres de 8:30 - 14:00 h.



VEDRA EDUCA

■ Este proxecto vai dirixido a nais e pais con fillos/as menores de 3 anos do concello de Vedra. Trátase de traballar coas familias tentando:

- Promover o recoñecemento e valoración do rol de pais e nais no desenvolvemento integral dos menores de 3 anos.
- Fortalecer as capacidades como pais e nais para promover o desenvolvemento infantil dende as accións da vida cotiá, facendo uso dos recursos e espazos do entorno familiar como elementos educativos.
- Fortalecer as redes de apoio na crianza e educación dos menores.

As persoas interesadas contactar no teléfono 699 041 486 en horario de 9.00 h. a 14.00h. ou a través do correo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VEDRA. Solicitudes para o curso 2018/2019

- Idade de ingreso: Mínimo 3 meses e máximo 3 anos, cumpridos antes do 31 de decembro.
- Lugar e prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes presentáranse no Rexistro Xeral do Concello.

As familias con nenos/as xa matriculados actualmente no centro, que desexen renovar a praza deberán presentar a solicitude de reserva do 1 ao 15 de maio de 2018,

acompañada da declaración do IRPF do exercicio 2016 ou o correspondente certificado da Axencia Tributaria.

As familias que desexen solicitar praza de novo ingreso deberán presentar a solicitude do **16 ao 31 de maio de 2018**.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do concello os luns, xoves e venres de 8:30 a 14:00 horas.

LUDOTECA

■ O mes de maio gozaremos de actividades cheas de dinamismo e estimulación dos xogos de movemento. Dende o proxecto Conxuga, queremos aproveitar para traballar a educación para a responsabilidade e a igualdade en todas as actividades implicando as familias na actividade lúdica a través do xogo. Continuamos viaxando polo mundo da man de Willy Fog que nos levará a coñecer Xapón e a súa cultura. Con esta intención presentamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Conto xaponés.
- Super Chef: Dorayaki.
- Taller de origami.
- Aprendemos técnicas para debuxar manga.
- Mr. Manitas: faroliños de papel.
- Construción dun xoguete típico xaponés: take-tombo.

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699.041.486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com.



ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO PARA O MES DE MAIO...

■ EXCURSIÓN Á ROMARÍA RAIGAME

Xoves 17 de Maio "Día das Letras Galegas"

A Asociación Cultural San Campio, como xa vén sendo habitual, propón esta saída festiva e cultural á "Romaría Raigame" en Vilanova dos Infantes-Celanova.

- Saída ás 9:30 h. do Cruce de Sarandón.
- Custe: 12 € (Inclúe transporte + camiseta). (O xantar por conta de cada quen).
- Inscripcións no teléfono 619 520 793.

■ IV CONCURSO SERÁN DAS LETRAS

A Asociación Cultural San Campio propón unha nova edición deste concurso, no que se busca a orixinalidade e o compromiso coa nosa lingua.

- Bases e prazos de participación: Podes consultar as bases deste concurso na páxina web do concello. Lembra que podes presentar os teus debuxos, relatos ou poesías ata o 14 de maio, no departamento de cultura do concello de Vedra. A entrega de premios deste concurso será o 18 de maio na Taberna do Ferrador.
- Más información e consultas no tel. 981 814 691

■ VI SERÁN DAS LETRAS

O 19 de Maio.

Polos furanchos de Ximonde. A partir das 20:00 h.coas actuacións de grupos de pandereteiras, e ao rematar Foliada Aberta. Ademais homenaxearemos a María Victoria Moreno coa lectura dunha das súas obras.

DÍA DA BICICLETA EN TROBE

- A Asociación xuvenil A Dorna, celebra o 27 de Maio o día da Bicicleta en Trobe.



© +info: 619 942 583
asociacionxuvnildorna.com

Organiza: DORNA
ASOCIACIÓN XUVENIL DE TROBE

Colabora: Concello de Vedra

Día da bicicleta en Trobe 27 de Maio

10:00 Apertura de inscrición gratuíta no campo da festa de Trobe

10:30 Xincana ciclista infantil

11:15 Inicio do paseo en bicicleta

Distancia apróx. 16 km

Punto de avituallamento a metade de percorrido

Ademais ó longo da mañá:

Sorteo de unha bicicleta e agasallos entre os asistentes

Os primeiros participantes recibirán unha camiseta conmemorativa.

Obrigatorio o uso de casco protector

Menores irán acompañados de adulto

Parabéns

A BRAIS CASTELAO E YAGO MERA

- Parabéns a Brais Castelao (veciño de San Pedro de Vilanova) e Yago Mera (veciño de Ponte Ulla), ambos da escola do Val do Ulla, convidados pola Escola do Celta de Vigo a unhas sesións de adestramento.



AO OLÍMPICO DE VEDRA

- Parabéns ao Club Olímpico de Vedra polos múltiples éxitos das últimas datas, entre eles consolidarse na élite do Duetlón Estatal como equipo de 2ª división tanto na categoría masculina como feminina; conseguir o Campionato Galego de Duetlón como equipo absoluto masculino e o Campionato Galego Júnior por César Otero.



[illegible]